

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 05.10.2017

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.05 h do 07.09.2017, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretario en réxime de acumulación:

Alejandro Antelo Martínez

Interventora:

Iria Luisa Díaz Gavela

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro Xoán Manuel Rodríguez Bastida por unha cuestión de orde e di que, o xulgado do contencioso xa decidiu que Somos Fene debía permanecer como grupo municipal. Por iso precisa saber se é un concelleiro non adscrito ou forma parte do grupo municipal Somos Fene.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que pensaba dicir isto mesmo ao principio da sesión e comunica que o Concello recibiu onte a comunicación do xulgado. Por iso, dende onte, xa é aplicable que os concelleiros non adscritos Xoán Manuel Rodríguez Bastida e César Daniel Castro García constan novamente como grupo municipal Somos Fene.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias do 01.06.2017, 06.07.2017 e 03.08.2017

Ao non haber ningunha obxección, o presidente declara aprobadas as actas das sesións ordinarias do 01.06.2017, 06.07.2017 e 03.08.2017.

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 990/2017 ao núm. 1114/2017

Os concelleiros danse por informados.

3. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía para aprobar a Moción conxunta da incorporación do Concello de Fene á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás e apoiar o seu manifesto

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da **Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia** do 29.09.2017, por 5 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo Mixto municipal, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do concelleiro César Daniel Castro García) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 22.09.2017 recibíuse un escrito da Deputación da Coruña, (RXE núm. 7228/2017), no que comunica que acordou impulsar, xunto cos concellos de Sada e da Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión para a Recuperación pola Memoria Histórica da Coruña, a Iniciativa Galega pola Memoria, a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán e a Real Academia Galega, a Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás, cara a conseguir o que o Pazo de Meirás sexa patrimonio público.

Froito do traballo dese grupo, elaborouse un Manifesto da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás para ser aprobado, se é o caso, polos gobernos e corporacións municipais da provincia da Coruña.

Así mesmo, a Deputación da Coruña solicítalle a Fene a adhesión ao Manifesto e a participación no plenario da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás, prevista para o vindeiro 30.10.2017.

Segundo isto, convido a todos os grupos políticos municipais a apoiar e adherirse a esta Proposta da alcaldía para convertela nunha Moción conxunta, que se achega como Anexo.

Por todo o exposto solicito a aprobación do Pleno, logo do seu ditame na correspondente Comisión, dos seguintes acordos:

- A. Aprobar a incorporación do Concello de Fene á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.
- B. Nomear a un membro da Corporación municipal como representante do Concello de Fene na Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás
- C. Apoiar o seguinte manifesto da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás:

1.- Facemos un chamamento a institucións, asociacións, organización políticas, sociais, sindicais, fundacións, etc. para que aproben a súa incorporación a esta Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.

2.- Despois de que a familia do ditador Franco encargase á chamada Fundación Nacional Francisco Franco (FNFF) a xestión das visitas ao pazo de Meirás e que FNFF declarase que “es una excelente oportunidade para mostrar al gran público la grandeza de la figura de Francisco Franco”, condenamos as declaracións da citada Fundación, que son unha apoloxía do franquismo e manifestamos o apoio á memoria das vítimas do franquismo.

3.- Rexeitamos a xestión por parte da FNFF do programa de visitas ao Ben de Interese Cultural (BIC) Pazo de Meirás e apoiamos a demanda do Concello de Sada de que sexa esta administración quen as xestione.

4.- Instamos á Xunta de Galicia a que esixa que se cumpra o réxime de visitas ao BIC, segundo o disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incoados, coa imposición da máxima sanción prevista na Lei para ditas infraccións.

5.- Instamos ás Cortes, Grupos Parlamentarios e goberno do Estado para que tomen as iniciativas legislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de Fundacións, co obxecto de amparar a declaración como ilegais daquelas que, como a FNFF, teñan pro obxecto a homenaxe á vida e obra criminais do ditador.

6.- Apoiamos a realización dun estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre os pasos concretos a dar para lograr a súa devolución e incorporación ao patrimonio público. Demandamos, así mesmo, da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas as iniciativas para conseguir ese obxectivo.

7.- Reclamamos a aprobación dunha Lei Galega da Memoria Histórica que, entre outros obxectivos, impida o enalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria histórica.

8.- Pedimos ás distintas institucións e concellos que presenten iniciativas ou mocións de apoio a este manifesto.

Fene, 25 de setembro de 2017
O alcalde
Juventino José Trigo Rey
ANEXO

MOCIÓN DE ADHESIÓN Á XUNTA PRO DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS E APOIO AO MANIFESTO DESTA PLATAFORMA CÍVICA

Os grupos municipais _____, _____, _____,
_____ do Concello de Fene presentan a seguinte moción sobre a **adhesión á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás e apoio ao manifesto desta Plataforma cívica.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 18 de xullo de 1936 produciase unha sublevación militar e fascista contra o goberno democrático e lexítimo da República. Aquí, en Galicia, non houbo guerra civil, senón un auténtico xenocidio, comezando a "era do terror, os encadeamentos inxustificables, os fusilamentos sen formación de causa, as matanzas en masa", como publicaba maruja mallo en agosto de 1938 nas súas crónicas desde o exilio Relato veraz de la realidade de Galicia.

A Junta Pro Pazo del Caudillo foi unha iniciativa tomada en marzo de 1938 e da que formarían parte o gobernador Civil da Coruña, Deputación, alcaldes da provincia, significados empresarios, dirixentes franquistas e representantes da banca, Cámara de Comercio e empresas de comunicación. Con esta doazón –Entregada a franco, como Xefe do Estado, o 5 de decembro de 1938– pretendían conseguir os favores de Franco, aproveitando as súas estadias estivais no pazo de Meirás.

A adquisición do pazo de Meirás aos herdeiros da Condessa de Pardo Bazán e a propiedade doutros elementos patrimoniais foi un roubo e un espolio continuado, que se disfrazou, fraudulentamente, como unha doazón e compra-venda. Os métodos utilizados foron diversos: desconto do salario de funcionariado e persoas traballador (as coaccións eran tan extremas que algúns alcaldes ditaban bandos advertindo da formación de listaxes negras con aquelas persoas que se negasen a pagar esa "doazón voluntaria"); achegas dos concellos; ampliación da propiedade que pasa de 5,7 a 9 hectáreas de terras limítrofes, conducindo os propietarios perante notario pola forza en camiións militares para asinar unha compra-venda a 2 pesetas o metro cadrado, que nunca cobrarían; desviación irregular de fondos e recursos públicos ao pazo, etc.

Podemos falar dun espolio de moitos espolios porque dentro do mesmo pazo de Meirás hai pezas arqueolóxicas de importante valor como cruceiros, fontes, balaústres ou escudos traídos doutros lugares ou de pazos galegos. Así, por exemplo, o Pazo de Bandaña (Dodro) foi practicamente desmantelado para instalar na residencia de verán dos Franco elementos como gravados, figuras da capela e as propias pedras. O párroco do Mosteiro de Moraima (Muxía) denunciaba a desaparición, por orde da esposa de Franco, de dúas pezas de granito, unha delas utilizada como pía bautismal. Tamén acabaron no pazo de Meirás dúas esculturas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago, etc.

Despois da morte do ditador, o 20 de novembro de 1975, a familia Franco recibiu un trato privilexiado, cousa insólita nun país democrático. A viúva recibía unha paga anual superior ao salario do presidente do goberno. A familia vendeu propiedades doadas a Franco como Xefe do Estado, tivo todo tipo de facilidades para especular con fincas e casas e hoxe teñen unha fortuna de máis de 600 millóns de euros. Poucos días despois de morrer o ditador, o rei Juan Carlos concedía os títulos de Señorío de Meirás e Ducado de franco, que aínda conservan.

Manter hoxe todas estas propiedades nas mans da familia Franco e esas distincións, é unha ofensa ás vítimas do franquismo e a toda a cidadanía. Que este espolio continuado se manteña despois de corenta anos de democracia é unha vergoña de Estado. Sería admisíbel que en Alemaña ou Italia os herdeiros dos ditadores e criminais detentasen hoxe propiedades conseguidas durante o réxime de terror?. Sería posible a existencia de Fundacións dedicadas a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?.

Compre defender a devolución do pazo de Meirás ao patrimonio público a través dunha fronte ampla e unitaria, que agrupe a institucións entidades e sociedade civil. Cómpre reparar a honra e dignidade das vítimas do franquismo e das persoas que foron roubadas e forzadas a ceder diñeiro e propiedade baixo ameazas utilizando a violencia máis extrema.

Por todo estes motivos, grupos municipais _____, _____,
_____ do Concello de Fene presentan a consideración do Pleno os seguintes

ACORDOS

- A. Aprobar a incorporación do Concello de Fene á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.
- B. Nomear a un membro da Corporación municipal como representante do Concello de Fene na Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás
- C. Apoiar o seguinte manifesto da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás:

1.- Facemos un chamamento a institucións, asociacións, organización políticas, sociais, sindicais, fundacións, etc. para que aproben a súa incorporación a esta Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.

2.- Despois de que a familia do ditador Franco encargase á chamada Fundación Nacional Francisco Franco (FNFF) a xestión das visitas ao pazo de Meirás e que FNFF declarase que "es una excelente oportunidade para mostrar al gran público la grandeza de la figura de Francisco Franco", condenamos as declaracións da citada Fundación, que son unha apoloxía do franquismo e manifestamos o apoio á memoria das vítimas do franquismo.

3.- Rexeitamos a xestión por parte da FNFF do programa de visitas ao Ben de Interese Cultural (BIC) Pazo de Meirás e apoiamos a demanda do Concello de Sada de que sexa esta administración quen as xestione.

4.- Instamos á Xunta de Galicia a que esixa que se cumpra o réxime de visitas ao BIC, segundo o disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incoados, coa imposición da máxima sanción prevista na Lei para ditas infraccións.

5.- Instamos ás Cortes, Grupos Parlamentarios e goberno do Estado para que tomen as iniciativas legislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de Fundacións, co obxecto de amparar a declaración como ilegais daquelas que, como a FNFF, teñan pro obxecto a homenaxe á vida e obra criminais do ditador.

6.- Apoiamos a realización dun estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre os pasos concretos a dar para lograr a súa devolución e incorporación ao patrimonio público. Demandamos, así mesmo, da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas as iniciativas para conseguir ese obxectivo.

7.- Reclamamos a aprobación dunha Lei Galega da Memoria Histórica que, entre outros obxectivos, impida o enalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria histórica.

8.- Pedimos ás distintas institucións e concellos que presenten iniciativas ou mocións de apoio a este manifesto.

Fene, 29 de setembro de 2017

Grupo municipal do BNG
Grupo municipal Socialista
Xoán Manuel Rodríguez Bastida

Grupo Mixto municipal
César Daniel Castro García"

Abre o debate o concelleiro de Cultura, Justo Martínez Ardá, que di que a moción foi presentada, nun principio polo goberno, o grupo municipal do BNG e o grupo mixto municipal. Logo sumáronse os grupos municipais Socialista e Somos Fene. Trátase dunha moción que chega da Deputación da

Coruña que insta a Fene a adherirse á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás. Entende que a devolución do patrimonio cultural do país que foi espoliado se devolva á cidadanía. Isto é algo básico nos seus principios e polo tanto considera importante a inclusión de Fene nesa Xunta. Falta por nomear un representante e, a proposta do goberno é que fose o alcalde ou o concelleiro de Cultura, sen nomear a ningunha persoa particular, porque entende que esta Xunta non vai rematar nun ano e pode que dentro de tres ou catro anos o alcalde ou o concelleiro de Cultura poden ser diferentes, é dicir, que se trate de postos e non de persoas. Non obstante, se se presenta outra consideración tamén a considerarán.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que esta moción vén presentada todas as forzas políticas agás o grupo municipal do PP, que vai manter o sentido do voto manifestado na Comisión de Cultura que é a abstención, debido fundamentalmente nun punto, aínda que coinciden no argumentario e na exposición de motivos, como logo se verá na moción urxente que logo presentará o seu grupo. Na Xunta de Voceiros xa adelantaron que non comparten o punto sete porque entenden que xa hai unha Lei de memoria histórica do Estado español, que é a única válida e que ten que valer para todos e para cumprir os obxectivos para a que foi creada, é dicir, que non hai necesidade de diversificar e si de unificar os esforzos para acadar os fins para o que foi aprobada no Congreso dos Deputados.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que no que é o fondo da cuestión o seu partido tamén presentou esta proposta na Deputación Provincial da Coruña. Entende que as leis están para ser cumpridas por todos e a Lei de patrimonio haina que cumprir. O Pazo de Meirás hai anos que se declarou como ben de interese cultural, e como tal, ten unhas obrigas de apertura e debe permitir que a cidadanía acceda ao ben cultural. Estas obrigas foron incumplidas polos propietarios claramente, así este verán veuse a polémica que xurdiu coa Fundación á que os propietarios lle encargaron esta xestión e que a fixeron aínda dun xeito máis negligente, con decisións unilaterais do peche da instalación que son difíciles de xustificar ou entender. Neste sentido o seu partido defende que a Lei haina que cumprir e logo de ver a orixe da propiedade desa instalación entende que hai cuestións que non deben quedar impugnes e que se debe estudar a propiedade do edificio e dos elementos que contén, determinar de quen son e, nos casos que proceda, proceder á súa devolución ao patrimonio público. Neste sentido apoiarán a moción. No que respecta á proposta que fixeron na Comisión de nomear un representante e segundo dixo na Xunta de Voceiros, cando aínda non tiñan decidido a persoa a propor, entendeu que se acordou que se non había proposta, a designación do representante quedaría para un seguinte Pleno. Non obstante, o seu partido xa pensou nunha persoa da súa formación e non lle importa debatelo neste Pleno ou deixalo para o seu debate posterior.

A continuación intervén o alcalde que di que tal e como se dixo na Xunta de Voceiros, o goberno, segundo dixo o concelleiro de Cultura, fixo esta proposta para o suposto de que se se quixera nomear e non houberse ningún candidato, se propuxera a alguén. Se non se quere nomear a ningún representante non ten problema en aprazalo ata o seguinte Pleno.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que entón farán a súa proposta na seguinte Comisión.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que apoia a Moción presentada polo grupo de goberno, tal e como dixo na Comisión, e o fai en consonancia coa súa proposta inicial de cando propuxeran respectar o nome e restaurar a memoria histórica do alcalde fusilado de Fene. Tamén dixo que é partidario de que no Parlamento Galego se faga unha Lei galega de memoria histórica.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que o seu grupo apoia na súa totalidade este manifesto xa que a estas alturas non ve normal que a familia do ditador se siga beneficiando dos bens incautados aos cidadáns. Por todo isto o voto do seu grupo vai ser a favor.

Sometido o asunto emendado a votación foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal socialista, 2 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo Mixto) e 7 abstencións do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- A. Aprobar a incorporación do Concello de Fene á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.**
B. Nomear a un membro da Corporación municipal como representante do Concello de Fene na Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás
C. Apoiar o seguinte manifesto da Xunta pro Devolución do Pazo de Meiras:

1.- Facemos un chamamento a institucións, asociacións, organización políticas, sociais, sindicais, fundacións, etc. para que aproben a súa incorporación a esta Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.

2.- Despois de que a familia do ditador Franco encargase á chamada Fundación Nacional Francisco Franco (FNFF) a xestión das visitas ao pazo de Meirás e que FNFF declarase que "es una excelente oportunidade para mostrar al gran público la grandeza de la figura de Francisco Franco", condenamos as declaracións da citada Fundación, que son unha apoloxía do franquismo e manifestamos o apoio á memoria das vítimas do franquismo.

3.- Rexeitamos a xestión por parte da FNFF do programa de visitas ao Ben de Interese Cultural (BIC) Pazo de Meirás e apoiamos a demanda do Concello de Sada de que sexa esta administración quen as xestione.

4.- Instamos á Xunta de Galicia a que esixa que se cumpra o réxime de visitas ao BIC, segundo o disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incoados, coa imposición da máxima sanción prevista na Lei para ditas infraccións.

5.- Instamos ás Cortes, Grupos Parlamentarios e goberno do Estado para que tomen as iniciativas legislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de Fundacións, co obxecto de amparar a declaración como ilegais daquelas que, como a FNFF, teñan pro obxecto a homenaxe á vida e obra criminais do ditador.

6.- Apoiamos a realización dun estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre os pasos concretos a dar para lograr a súa devolución e incorporación ao patrimonio público. Demandamos, así mesmo, da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas as iniciativas para conseguir ese obxectivo.

7.- Reclamamos a aprobación dunha Lei Galega da Memoria Histórica que, entre outros obxectivos, impida o enalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria histórica.

8.- Pedimos ás distintas institucións e concellos que presenten iniciativas ou mocións de apoio a este manifesto.

4. Mocións urxentes

4.1 Moción do grupo municipal Popular sobre a recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público de Galicia

O grupo municipal Popular de Fene presenta a seguinte moción para a súa introdución por urxencia na orde do día:

"GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL, Voceiro do Partido Popular no concello de Fene conforme o previsto no Reglamente Orgánico Municipal e Reximen Xuridico das Entidades Locais presenta o Pleno a seguinte MOCION para o seu debate:

SOBRE A RECUPERACIÓN DO PAZO DE MAIRÁS PARA O PATRIMONIO PÚBLICO DE GALICIA

EXPOSICION DE MOTIVOS

As Torres de Meirás, tamén coñecidas como o Pazo de Meirás, foron transmitidas gratuitamente en 1938 ao ditador Francisco Franco, quen as aceptou en plena Guerra Civil como "regalo" e para convertelas na súa residencia de verán.

Contradiciendo á propanganda oficial da época, a historiografía contemporánea ten atopado documentos que indican que a cesión de recursos e propiedades non foi o resultado da acción voluntaria da cidadanía da Coruña e da súa provincia, senón da presión de falanxistas e autoridades franquistas no contexto social daquela época.

Como resultado da forma xurídica de negocio privado e entre particulares coa que se materializou a adquisición por parte de Francisco Franco, na actualidade a propiedade permanece no patrimonio dos seu herdeiros.

Sen embargo, debido ao valor histórico e cultural das Torres de Meirás; ao seu elevado carácter simbólico; o incumprimento da normativa de acceso aos BIC; ás circunstancias que fixeron posible a súa adquisición a título privado polo Xefe de Estado dunha Ditadura que durou 40 anos; así como a declarada internacionalidade de converter as visitas públicas ao Pazo nunha homenaxe á figura do ditador, fan necesario formular a incorporación das Torres de Meirás ao patrimonio público, sempre, como é lóxico, respectando a legalidade vixente.

Unha incorporación que podería materializarse máis sinxelamente, en primeiro lugar, se os titulares da propiedade fixesen algo tan simple como asumir os estándares actuais aplicados á doazóns de bens ao Xefe de Estado de España ou calquera outra autoridade pública: son inmediatamente incorporados ao patrimonio público.

Ante a proliferación de propostas que se están a expoñer, algunha delas caótica na súa formulación, sería preciso centrar a cuestión no estudo das formas xurídicas coas que materializar esta operación de recuperación do patrimonio público.

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galicia a que realice un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade de mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans de herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que a dita incorporación ao Patrimonio Público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumiu no ano 1938.

2. Trasladarlle á Fundación Francisco Franco a máis enérxica condena polas súas declaracións de apoloxía do franquismo, manifestadas a través de un comunicado e por medio do seu Portavoz."

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que xustifica a urxencia en base ás declaracións e actuacións que estivo a facer os representantes e os membros da Fundación Franco, negándose ao cumprimento da lexislación vixente en relación co patrimonio do Estado. Entende que esta reclamación que vén esixindo o pobo español, concretamente o pobo galego, ten que levarse a cabo, sempre dende o punto de vista da legalidade e da lexislación vixente. A urxencia tamén se motiva pola presentación da moción que se acaba de aprobar e entende que esta moción non pode ser substitutiva da outra, porque a oposición posiblemente non a aceptaría, pero si complementaria da que se acaba de aprobar.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que trátase dun tema que se acaba de aprobar e se se quere complementar, o seu grupo votará a favor da urxencia.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que anuncia o voto favorable.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que anuncia a súa abstención.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que o seu grupo vaise abster pensando en que a moción podería ser presentada con máis tempo.

Ao non haber máis intervencións o Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 5 abstencións (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal), acordou incluír na orde do día por urxencia a Moción transcrita.

Abre o debate a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que é unha moción curta e concisa, que condena unha serie de actuacións herdadas e que se están a seguir a producir. As persoas ao fronte desa Fundación, segundo dixo moi ben o voceiro do grupo municipal Socialista, están a realizar unhas ilegalidades que entre todos teñen que evitar e solucionar, pero dende logo, as respostas que se están a producir por parte da sociedade galega tampouco son moi dignas de apoiar, e non van apoiar o que se fai mal por un lado facendo mal polo outro. Pensa que existe lexislación o formas xurídicas de peso para poder levar isto a cabo. Por iso preséntalles esta moción ao resto das forzas políticas e lémbbralles que esta mesma moción foi presentada polo partido Popular na Deputación da Coruña e foi aprobada pola unanimidade de todos os representantes dos partidos políticos.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que esta moción non vai en contra da moción aprobada anteriormente, incluso os puntos coinciden con carácter xeral co punto sexto, ampliándoo e clarificándoo. Por tanto non ve ningún inconveniente en apoiala, entendendo que cumprimenta á moción aprobada e en coherencia co que o seu partido ten votado na Deputación da Coruña xunto con todos os grupos que a compoñen.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que votará a favor porque pensa que complementa a moción anterior e seguro que a moción que faga ten que establecer un proceso xurídico para retomar as torres.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que votará a favor.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que votará a favor pois a moción apoia a devolución do Pazo que é un patrimonio da cidadanía e condena á Fundación Franco.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia a que realice un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade de mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans de herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que a dita incorporación ao Patrimonio Público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumiu no ano 1938.

2. Trasladarlle á Fundación Francisco Franco a máis enérxica condena polas súas declaracións de apoloxía do franquismo, manifestadas a través de un comunicado e por medio do seu Portavoz.

5. Rogos e preguntas

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Felicita ao grupo municipal Somos Fene pola Resolución xudicial que coñeceu estes días respecto dos dous concelleiros que forman este grupo. O partido Popular dende o momento no que se iniciou este expediente de concelleiros non adscritos xa manifestou coas súas actuacións que non formaría

parte de ningún acordo que tivesen a estes dous concelleiros como non adscritos e, así consta nas actas. Por iso dálle unha certa alegría que pouco a pouco a xustiza se vaia cumprindo.

- Dito isto, dille ao alcalde que ata aquí chegou o Pleno. Vólvese, outra vez, como dende hai meses, no que o único contido do Pleno é unha moción, que pode interesarlle aos veciños a título particular, sobre a recuperación do Pazo de Meirás, sen quitarlle ningunha importancia, pero non lles inflúe na súa capacidade de xestión do que ten que facer o goberno de Fene. Dos temas importantes non se sabe nada de nada. Hai tres semanas o alcalde dixo nos xornais que a primeira semana de outubro ía ter unha reunión para presentar os seus orzamentos e a día de hoxe aínda non presentou nada, se ben é certo que hoxe achegoulles por correo electrónico unha ordenanza sobre vaos, polo que lle pide desculpas porque o seu partido aínda non a estudou. Por todo, pregúntalle ao alcalde que pensa facer cos orzamentos?, vainos presentar?. Rógalle que se é que os presenta, non o faga cunha moción urxente porque iso non é xeito de presentalos.

Contéstalle o alcalde que o voceiro do grupo municipal do PP dixo, se non lembra mal, hai dous Plenos que estaba contento de que por unha vez neste Pleno se trouxesen asuntos. Todo depende do xeito no que se digan as cousas. Respecto dos orzamentos, contéstalle que o seu voceiro seguro que lle comentou que a vindeira semana reunirase con todos os grupos para falar do tema dos orzamentos, do tema de ordenanzas e do POS 2018. A vindeira semana comezarán pois as reunións con cada un dos grupos e o goberno presentará as propostas para ver se son válidas para os restos dos grupos ou cales son as alternativas que haberá.

- Como é posible que un centro escolar, en concreto o do Ramo, tivese que presentar mediante burofax a solicitude sobre o arranxo do centro escolar?. Di que pode haber algunha queixa por non atender as solicitudes dos centros escolares porque non se pode facer todo, diso é consciente, pero este centro escolar leva reclamándolle a este goberno o arranxo destas deficiencias, que antes se lle arranxaban, e a alcaldía non lle deu ningunha resposta. Por iso pregúntalle ao alcalde, que pasa para que un centro escolar lle teña que solicitar os arranxos que precisa o centro?.

Contéstalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que o 26.09.2017 recibiu unha chamada do director deste colexio. Aos quince minutos estivo alí vendo o que sucedeu, que foi a caída de dúas columnas. Díxoselle que se ían arranxar e por problemas de saúde, que se lle comentará na Comisión, non se puido actuar naqueles días, pero a día de hoxe xa está feito o traballo. Pasou unha semana. Presentouno por burofax, pero non era para nada necesario.

- Pregúntalle ao alcalde por que non se deu conta da sentenza 126/2011 do contencioso administrativo de Aguagest?. Di que viron a sentenza no rexistro e en ningunha das Comisións se deu conta dela.

- Respecto de Aguagest tamén viu no rexistro que entrou unha notificación do Xulgado contencioso administrativo no que se esixía o cumprimento da sentenza 115/2014 da que non se informou nada, non sabe como se vai facer coa solicitude.

Contéstalle o alcalde que o que se recibiu estes días foi un requirimento do xulgado por unha sentenza que hai polo tema do pagamento da actualización das tarifas. Xa se contestou e xa por varias veces se lle requiriu á empresa para que presentase os datos precisos para facer o cálculo. Unha vez máis, volveuse contestar ao xulgado que non poden facer eses cálculos porque a empresa aínda non presentou os datos. O que se fará agora é ver, legalmente, que é o que máis lle interesa ao Concello respecto dos seus intereses.

- Poderíalle preguntar por infinidade de temas importantes que é reiterar o que se vén preguntando en todos os Plenos. Rógalle ao alcalde que os revise e vaia facendo algo. Cítalle o PXOM, o Punto Limpo e demais.

- Pregúntalle ao alcalde que vai facer respecto do requirimento da Xunta de Galicia do 22.08.2017 en relación coa praza do axente de policía que está sendo ocupada por un xefe de policía dunha escala superior?. O requirimento solicita a reposición da situación anterior e a concelleira na Comisión dixo que non ía facer nada. Por iso pregúntalle ao alcalde se esa é a actitude que o goberno, e se é o caso, mantén o alcalde a día de hoxe?.

Contéstalle o alcalde que o asunto está xudicializado e a documentación xa está entregada no xulgado. O goberno o que está facendo, igual que co resto do expediente, é revisalo e ver ata que

punto pode ter esta notificación algún tipo de validez. Estase a analizar e en canto non se teña analizado, tanto polo goberno como polos servizos técnicos competentes, vai esperar e non precipitarse, porque facer algún cambio nese sentido pode afectar aos intereses de traballadores actuais do Concello e non quere, por precipitarse, prexudicalos. Mirarao e estudarao e verá cal é a resposta que se dá a toda a documentación presentada, que cree que pode ser unha visión bastante interesante.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que quere facer constar que é a primeira nova que teñen disto, que o feito de que unha persoa ocupe unha praza que non lle corresponde, segundo a Xunta de Galicia, está xudicializado.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que unha vez máis o partido Popular pretende manipular e utilizar a Xunta de Galicia como se fose o propio partido e as veces cométense erros de bulto. Dille á concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que respondeulle á pregunta e verase nas vindeiras semanas cal vai ser a solución.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que non está a interpretar as palabras do alcalde, a Xunta de Galicia di que un oficial de policía, xefe de policía, non pode ocupar unha praza de axente. O que está denunciado na fiscalía é que unha Resolución da alcaldía admitiu a un traballador que presenta as súas documentación fóra de prazo, un día despois.

De seguido fai uso da palabra o alcalde que di que son cousas distintas e non é así e dille á concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que terán que revisar o expediente.

- No anterior Pleno faloulle en termos futbolísticos e pensa que o entendeu. Nese mesmo sentido preguntalle ao alcalde se lembra o 27.11.1995, a final da Copa do Rei entre o Valencia e o Deportivo?. Pídelle que lembre a data e mire o que pasou. Rógalle ao alcalde que non minta nos xornais. Pensa que o alcalde ten todo o dereito á defensa posible, o ten el e tamén un concelleiro ou concelleira do grupo municipal Socialista, de Somos Fene ou do Popular. Poden usar todos os xeitos que teñan para defenderse, pero rógalle que non minta, porque nas súas declaracións, entre comiñas, recóllese que vostede fixo unha segunda convocatoria e que esa solicitude da praza, (pola praza de policía local en comisión de servizos), non se fixo fóra de prazo. Lémbrale que a súa Proposta da alcaldía que recolle literalmente que a solicitude se presentou fóra de prazo.

Contéstalle o alcalde que hoxe se volve ver nos xornais ao voceiro do partido Popular insultándoo, literalmente, por iso non lle vai contestar nada máis.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Reitera, igual que fixo no Pleno pasado e igual que fixo a concelleira do grupo municipal do PP, a súa continua sorpresa en que os Plenos teñan un contido absolutamente inexistente. De feito, se non é polas preguntas que fai a oposición remataríase cunha Moción que nin sequera nace do Concello, senón que nace na Deputación Provincial da Coruña. Isto é reflexo da nulidade de traballo que está a facer o goberno municipal.

- Quere preguntarlle ao alcalde pola demanda presentada por Josefa Fernández, veciña de San Valentín, respecto do comportamento doutro veciño que se dedica a alimentar ás pombas debaixo do edificio onde vive cos seguintes trastornos?.

Contéstalle o alcalde que lle parece máis oportuno contestarlle na Comisión para non nomear aquí nomes dos veciños.

- Hai unha cuestión que xa é a terceira vez que presenta no Pleno respecto das vivendas da marxe esquerda logo do Dia, na que os veciños presentaban unha solicitude para cortar a zona, para retirar un niño de velutina, para estudar a tala dunha árbore que ameaza con derrubarse e por problemas de ratos. Por alí pasou a concelleira de Medio Ambiente, o que lle parece ben, pero a día de hoxe o que lle dixeran os veciños é que a maleza a cortaron eles, que cansos de esperar retiraron o niño da

velutina e que seguen pendentes da tala e dos problemas cos ratos. Non sabe se se fixo algo nestes últimos días, pero entende que unha campaña de desratización non é algo custoso e roga que se lle contesten respecto da árbore.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que pasou hoxe por alí e veu cortada unha parcela pero non sabe se a cortaron os veciños das casas próximas ou o propietario da parcela, o certo é que hai un expediente con outras dúas parcelas que era o que se reclamaba. En canto a árbore di que mandará ao técnico para que revise se ten algún perigo, pero dende a súa ignorancia non lle ve ningún perigo, aínda que é certo é se trata dunha árbore de considerables dimensións.

- Pregúntalle á concelleira de Medio Ambiente polo río Cádavo, semella que hai quen se empeña en maltratalo, xa que se comprobou que volveu haber vertidos brancos, semellantes a outros de pintura. Está localizado o foco destes vertidos?, estes novos vertidos proveñen do mesmo foco?, estanse tomando algunha medida?, hai problemas de tempos ou prazos para poder executar as ordes precisas para que isto non volva pasar?. Pensa que cando hai este tipo de aptitudes reiteradas a Administración debe ser o máis dilixente posible xa que, se se trata da mesma persoa ou entidade que non deixou de actuar, logo do que se leva falado disto nas redes sociais, parécelle que isto é unha tomadura de pelo á institución municipal e insta a que se actúe, á maior brevidade posible, e que lles informe de como está a situación.

Contéstalle a concelleira de Medio Ambiente, María Manuela Aguilar Prieto, que si se detectou onde se produce o vertido pero non deron detectado a fuga. Estase á espera da cámara de Viaqua para que veña ver os colectores e espera que veña esta semana. Ademais a detención provocou que se limpase algunha parte da rede de saneamento de pedras e outros materiais.

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, pregúntalle por unha incidencia que se produzo hai dez días coincidindo cunha intervención de Viaqua para limpar.

Contéstalle o alcalde que foi para buscar a fuga.

- Respecto das obras nos colexios, roga que se atenda a petición de que se actúe no parque infantil do colexio da Xunqueira, cando menos poñelo en condicións de seguridade. Respecto ao CPI do Ramo pregunta, está rematada a rampla e xa se comprobou? e, respecto da solicitude do centro do traslado do comedor pregunta, en que situación está?.

- Respecto da información que solicitaron da herba do campo de fútbol do Maniños agradécelle ao concelleiro, aínda que fose con seis ou sete meses de retraso, lle contestase cun informe bastante completo e extenso. Algunha das cuestións é certo que están contestadas pero hai cuestións, que a pesar de que se lle dedican dous ou tres folios, son as que lle preocupan, porque poden afectar á recepción e a execución das obras e non están contestadas, xa que lle preguntou sobre a diferenza de prezo entre instalar o tipo de céspede que estaba definido no proxecto e non da marca, que non lle interesa, senón das características técnicas definidas no proxecto. Cando lle pregunta sobre a diferenza de prezo entre o céspede que estaba definido no proxecto e o que se instalou e se lle contesta que os prezos son variables e que son obxecto de negociación entre os provedores e a empresa adxudicataria non é preciso, pois iso xa o sabía, iso é para todo, para os parafusos, o asfalto e demais, así todos os produtos teñen uns prezos oficiais de referencia, por iso dille que gustaríalle que lle contestasen. En canto ao preguntado polas diferenzas técnicas entre os céspedes que se instalou e o que estaba definido nos pregos, que non coinciden as características técnicas dun e doutro, o que quere é que se lle conteste e non que se lle diga que os dous céspedes son bos, o cal ben podería dicilo el dende un principio. A pregunta non é saber se puxeron un céspede que non vale ou que vale, pois a súa opinión, logo de consultalos con técnicos especializados, é que o que se instalou e o que estaba no proxecto son dous bos produtos. A cuestión é que o céspede do proxecto tiña definido unhas características técnicas e preguntou se o que se puxo é equivalente ou non, ademais de saber se ten o mesmo prezo ou non, porque se diso resultase que o céspede ten prestacións inferiores e ten un prezo inferior ao definido igual había que facer algo máis que preguntar. Como isto é a cuestión que lle preocupa e non o resto que, profusamente, lle contestaron reitera a pregunta e non quere que lle contesten coas características técnicas dun produto ou outro dicíndolle o que poñen cada unha das marcas nas súas páxinas web, porque evidentemente cada marca trata de vender o seu produto e tratará de vendelo o mellor posible para que cada un o merque, pero as campañas publicitarias entre marcas de céspede non lle interesan, interésalle as prestacións técnicas dun céspede e do outro, e hai laboratorios que fan estudos e definen as prestacións que dá cada un. Non quere que lle conten a historia do fútbol, ao que non lle ten

especial paixón, aínda que a quen lle teña máis paixón pódelle divertir que un informe técnico fale da historia dos céspedes artificiais e a súa instalación nos campos de Europa. Di que pasou un rato entretido lendo o informe, pero o que quere é que lle contesten ao que preguntou. Se as condicións técnicas do céspede que se instalou son equivalentes ao definido no proxecto non hai ningún problema, se non coinciden todos terán que preocuparse para que se resarza á Administración e se coloque aquilo que estaba definido e polo que se pagou.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que xa se lle achegou un informe e xa que considera que hai varias cousas que faltan por contestar comentarallo ao técnico municipal que o fixo para que o complete coas preguntas que solicitou. Di que a el tamén lle gustaría que no proxecto inicial as características técnicas non fosen dimensións dunha marca específica, senón que falasen de resistencia ao peso, á torsión e non só a dimensión ou ancho. Sen ningún tipo de acritude, contéstalle que esas si serían as verdadeiras características técnicas dun material.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o proxecto xa sabe que foi unha herdanza e ese proxecto tiña algunha imprecisións porque definía unhas características técnicas nun lado e outra noutro, pero iso o corrixiu o seu alcalde sen dicirlle nada aos demais, así que non o responsabilice a el de corrixiu o proxecto, pois o que había que facer era corrixiu e poñelo como debía de ser, pois é certo que esas características practicamente coinciden cunha marca, pero no mercado hai, cando menos tres produtos.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que fala polo alcalde, que xa dixo moitas veces, que se responsabiliza polo feito anteriormente.

- Na Comisión Especial de Contas preguntoulle ao alcalde por unha serie de cuestións que non lle contestou. Dille que non entende que se chegue á unha Comisión así e non se poida contestar sobre preguntas de tipo xeral do que significan os números que lles presentaron, pero xa pasaron uns días e supón que lle poderá contestar. Podería aproveitar este Pleno para contestarlle ás tres cuestións que lle preguntou e, se o vai facer por escrito, rógalle a maior celeridade posible, pois non eran temas tan especializados senón que eran de valoración política dos resultados económicos.

Contéstalle o alcalde que xa está preparada a contestación e que se lle contestarán as súas preguntas concretas. Pensa que o venres ou o luns o terá contestado.

- Pediron unha documentación e hai cuestións que non están sendo obxecto de ningún tipo de obxecto xudicial e son ben claras. Non sabe con que partidismo actúa esta Xunta de Galicia ou non, pero cando se atopa cun informe técnico tende a pensar que serán obxectivos, aínda que non sexan moi completos. Por isto rógalle ao alcalde que cumpra coa Resolución que fixo a Xunta de Galicia e di que se trata de algo que ten visto poucas veces, que o que fixo con ese policía local non o pode facer de ningunha das formas. Pídelle que lle conte como o puido facer e os pasos que tivo que dar para conseguir facer o que, o alcalde queixo facer. Dille ao alcalde que isto non está en ningún xulgado, a vostede o acusaron porque hai unha presentación a unha praza fóra de prazo, que ao seu modo de ver, tamén é un tema serio e grave, pero disto non se fala nos xulgados, hai unha cuestión da Consellería aínda que non establece un prazo. O organismo competente está a dicir que non se pode facer por ningunha das tres posibilidades que hai previstas para a mobilidade da Policía Local. Estráñalle o seu empecinamento para seguir dicindo o contrario, pero pensa que cando hai unha Resolución en firme tan clara deberíase acatar, e se o alcalde cree que non ten razón recorrela Resolución.

- O 05.09.2017 fixo unhas preguntas respecto do convenio que vén desenvolvemento a Fundación Amigos de Galicia e respecto á emenda de solicitude das obras do Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 que ten sen contestar. Tamén preguntou respecto á proposta de denegación de subvención para o fomento de accesibilidade para a sinalización de recursos turísticos no medio rural. Respecto da resposta que afecta a Servizos Sociais parécelle razoable que sexan cuestións que requiren algo máis de tempo, a pesar de ser cuestións que levan máis dun mes, pero en todo caso espera ter un horizonte de resposta, xa que a normativa marca que o goberno ten trinta días para contestarlles.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que respecto do de Agader chegou un requirimento, enviouse un modificado e hai adxudicado para executar o camiño, non obstante achegaralle copia do requirimento, da contestación e da adxudicación.

- En relación cos orzamentos dille que na Xunta de Voceiros pediulle que lles avanzara algo de información para chegar a unha reunión e poderlle dicir algo. O alcalde díxolle que prefería informarlles na propia reunión. A dificultade de comezar os procesos así é que nesta primeira reunión pouco lle poderán dicir. Tamén se pode ser algo máis cortés ou elegante, sobre todo cando o 14.09.2017 xa fixo un decreto marcando os principios xerais dos orzamentos, decreto que lle chegou á oposición agora coas Resolucións da alcaldía, algo que xa llo podían ter avanzado e non ir a cegas. Dille ao alcalde que non é o mellor xeito de arranxar as cousas ou crear un clima de diálogo, non obstante, o seu grupo asistirá e estudará a información e, se é o caso, suxerirá ou presentaralle modificacións ao que non lle guste.

Contéstalle o alcalde que a Resolución contén unha documentación tipo estatística de xeito global que hai que enviarlle ao Ministerio. O que quere o goberno é presentarlle algo máis concreto e que non sexa estatístico, é dicir, non os grandes números que lle hai que presentar ao Ministerio dun xeito habitual, que non é outra cousa que cadrar as grandes cifras. Pensa que se lle presentase este documento para negociar uns orzamentos ben sabe o que lle ía contestar, e por iso non vai entrar a debater este tema.

- Reitera a pregunta sobre a demanda de hai tempo da veciña de Buio, Sillobre, polos árbores que non compren a distancia respecto do seu terreo. Quedouse en pasar en setembro e non sabe que se resolvese nada pero é un expediente de dous anos.

- Na rúa Travesa, núm. 26 hai unha finca denunciada por maleza e díxéronlle o mesmo, que hai moito que non se pasa por alí e non saben nada. Solicita información ao respecto.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que xa ten orzamentos que son aqueles que se solicitaron a diferentes empresas e que non os daban entregado. Neste mes de setembro houbo dúas empresas que os entregaron e verán a posibilidade de acceder á finca e facer a limpeza.

- No cruce da Brea coa travesía do Catalán sucede igual, quedouse que no mes de setembro quedaría informado e non ten constancia disto.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que se trata dun expediente que esta en proceso de tramitación e xa se pasou por alí para informalo.

- Quere saber en que estado se atopa o proxecto das beirarrúas do Carril?. Solicita precisión na resposta pois é unha pregunta recorrente de varios plenos. A obra da Xunta está case que rematada e a parte que falta para que os nenos e os seus pais accedan con seguridade á escola infantil é que o Concello execute a parte que lle corresponde.

Contéstalle o alcalde que esta semana estivo na notaría para axilizar todos os documentos que hai alí de cesión. A notaría xa volveu ao seu horario normal e díxéronlle que tratarían de facelo canto antes. Queda pendente unha de catro metros cadrados coa que non habería problema, as demais xa están todas na notaría.

- Pide explicacións por unha situación que denunciou hai uns días en Radio Fene respecto da pista de skate de San Valentín que presenta numerosas deficiencias de seguridade, óxido nos parafusos, falta de bastantes parafusos nas escuadras que fixan os bordes de distintos elementos ou un furado duns dez centímetros cadrados. Aos tres días apareceu unha solución que lle sorprendeu, as ramplas de madeira tapóuselles o furado de dez centímetros con cemento e, ata aí podíase chegar. Non esperaba que en tres días tivesen solucionado todas as deficiencias deste parque pero quere lembrar, primeiro, que a actividade que se realiza nese parque ten certo perigo, xa que é un parque para facer cabriolas e se se poñen pranchas de madeira cunha determinada elasticidade é por algo, para que os rapaces cando caen amortecen os golpes que se dan. Non é o mesmo o amortecemento da madeira ca do cemento. Hai pistas de skate que están preparadas con algo semellante ao cemento pero é formigón pulido que ten outra resposta completamente diferente ao cemento, non escarcha, non se abre e non abrasa cando un se cae e se roza. Tamén di que non é moi doado que pegue o cemento e a madeira. Espera que a seguridade do parque se restituía canto antes e que o goberno leve algún tipo de asesoramento técnico para elo.

Contéstalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que é certo que se detectaron algunha roturas e foise facer unha primeira intervención que, segundo lle dixeron os técnicos, agora

non hai ningún perigo. Agora estase poñendo luz e recoñece que haberá que seguir mellorando o parque, pero polo dito non hai ningún perigo.

- Respecto das reparacións feitas no parque do río Cádavo e dos novos tipos de deseños. Entende que o deseño orixinal podía gustar ou non, pero se os bancos serven para sentarse. Se no arranxo que se fixo se instalase un "barrotiño" polo medio das táboas non romperían e a diferenza de prezo sería importante ao non ter que substituír todos os taboleiros. Non obstante, nas redes sociais si están ben atendidos xa que é ben curioso ver como salta o mesmo carpinteiro que fixo a obra dicindo que é unha verdadeira chapuza, que a el gustaríalle bastante máis como era a obra orixinal e como inmediatamente, aos poucos minutos, o propio carpinteiro se desdía e comeza a defender o que dixo na súa primeira intervención, que era indefendible. Non lle cabe dúbida de que as reparacións poden ser como sexan pero hai outros campos no que o goberno se move como pez na auga. Hai que felicitar ao goberno e rógalle que poña a mesma axilidade cando se trata de pór en servizo instalacións dos veciños e veciñas de Fene.

Contéstalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que a estética por estética ás veces non vale. Cando o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, estaba de concelleiro de Servizos os bancos estaban rotos. Pensa que o mantemento hai que solucionalo un pouco, aínda que sexan menos bonitos, cousa que a ela non lle parece. Dille que se meta cos traballadores municipais é algo que non lle sorprende, xa que é algo habitual. Remata dicíndolle que vai quedar precioso e o mantemento vai se moito menor.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que non se meteu con ningún traballador. Por outro lado, dille á concelleira de Servizos que xa que dixo que tiña un informe técnico sobre a seguridade do parque do skate solicítalle ese informe, porque iso é unha auténtica chapuza.

A concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, contéstalle que non dixo tal, dixo que falando cos técnicos.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que rógalle á concelleira de Servizos, en relación co parque do río Cádavo, que cando fale saiba un pouco máis do que fala, sobre todo para dicir a verdade, pois ese parque se reparou, mentres o estivo de concelleiro máis dunha vez e as táboas seguían rompendo. Dille que lle pediu, como concelleira de Seguridade, se a policía podía facer algunha investigación para saber o porque, do cal non tivo ningunha resposta, non obstante averiguouno igualmente, había uns rapaces que tiñan o costume de saltar por enriba das táboas e como só tiñan dous apoios romperon. Xa tiña detectada a solución e era moito máis barata que a usada agora, consistía sinxelamente en meter un terceiro barrote no medio, era o único que había que facer e solucionar naquel momento as cinco ou seis tapas que estaban rotas. Vostede decidiu outra cousa na que gastou máis cartas, que non di que non o solucione, pero si será máis cara que a outra solución. Rógalle que non minta, pois sabe perfectamente que nos trece meses que estivo de concelleiro interveuse neses bancos varias veces, por iso non pode dicir que non se fixo nada, xa que non é certo.

O voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Como voceiro do grupo municipal Somos Fene faille un rogo ao alcalde que é que queren que conste na acta deste Pleno a súa restitución como tal grupo e que están os dous concelleiros actuando nel como grupo municipal de Somos Fene.

Contéstalle o alcalde que xa consta na súa primeira intervención ao inicio do Pleno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 19.18 h, de todo o que, como secretario en réxime de acumulación, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo secretario en réxime de acumulación Alejandro Antelo Martínez e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.